



Estimado/a veciño/a:

Ante a inquietude xerada no barrio por informacións falsas e sen ningunha base real, desexo transmitirle, como xa fixen no seu momento, que nin se pensou, nin se fixo, nin se vai realizar en Novo Mesoiro ningún realoxo colectivo nin individual procedente de asentamentos chabolistas.

Lamento profundamente que rumores infundados, falsas afirmacións e bulos interesadamente propagados polo barrio provocaran inquietude en vostede e na súa familia. Unha vez máis insisto no meu compromiso e na miña palabra firme cos veciños de Novo Mesoiro.

Espero e desexo que as miñas palabras, pero sobre todo os feitos, o tranquilicen e permitan que a normalidade que o barrio merece sexa a realidade cotiá.

Aproveito esta ocasión para reafirmar o meu compromiso e o do goberno municipal con Novo Mesoiro, un barrio xoven e en desenvolvemento, no que xa se proxectaron novos servizos dotacionais como a escola infantil, en construción; o centro de saúde, e o centro cívico, ademáis doutras infraestructuras que farán de Novo Mesoiro un barrio exemplar, de gran futuro e proxección, fundamental na Coruña que todos queremos para as nosas familias e fillos.

Atentamente, o alcalde

Javier Losada
A Coruña, 24 de marzo de 2008